MÁSTER UNIVERSITARIO EN AVOGACÍA

9ª EDICIÓN

BIENIO 2020-2022 / CURSO 2021-2022

CALENDARIO XERAL

Materias:

- **Traballo Fin de Máster: titorías**
- **Prácticas externas en despachos de avogados I e II**

PLAN DE ESTUDOS DO MÁSTER
módulos e materias

MÓDULO I: INTRODUCIÓN AO EXERCICIO PROFESIONAL E DEONTOLOXÍA

Nº de créditos: 12 *Horas lectivas aproximadas: 96* *Horas de traballo persoal: 204*

MATERIAS:

- INTRODUCIÓN AO EXERCICIO PROFESIONAL E QUENDA DE OFICIO — *3 ects*
- DEONTOLOXÍA PROFESIONAL E RÉXIME DE RESPONSABILIDADE — *3 ects*
- XESTIÓNS PROFESIONAIS E MEDIOS ALTERNATIVOS DE SOLUCIÓN DE CONFLITOS — *3 ects*
- ESCRITURA E ORATORIA FORENSE — *3 ects*

MÓDULO II: PRÁCTICA XURÍDICA

Nº de créditos: 42 *Horas lectivas aproximadas: 336* *Horas de traballo persoal: 714*

MATERIAS:

- PRÁCTICA XURÍDICA CIVIL I — *6 ects*
- PRÁCTICA XURÍDICA MERCANTIL — *4,5 ects*
- PRÁCTICA XURÍDICA LABORAL I — *3 ects*
- PRÁCTICA XURÍDICA ADMINISTRATIVA I — *3 ects*
- PRÁCTICA XURÍDICA PENAL I — *4,5 ects*
- PRÁCTICA XURÍDICA TRIBUTARIA, CONSTITUCIONAL, INTERNACIONAL E DA UNIÓN EUROPEA — *3 ects*
- PRÁCTICA XURÍDICA CIVIL II — *6 ects*
- PRÁCTICA XURÍDICA LABORAL II — *3 ects*
- PRÁCTICA XURÍDICA ADMINISTRATIVA II — *6 ects*
- PRÁCTICA XURÍDICA PENAL II — *3 ects*

MÓDULO III: PRÁCTICAS EXTERNAS

Nº de créditos: 30 *Horas lectivas aproximadas: 750*

MATERIAS:

- PRÁCTICAS EXTERNAS EN ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS — *3 ects*
- PRÁCTICAS EXTERNAS EN ÓRGANOS XURISDICIONAIS — *3 ects*
- PRÁCTICAS EXTERNAS EN DESPACHOS DE AVOGADOS I — *12 ects*
- PRÁCTICAS EXTERNAS EN DESPACHOS DE AVOGADOS II — *12 ects*

MÓDULO IV: TRABALLO FIN DE MÁSTER

Nº créditos: 6 *Horas lectivas aproximadas: 18* *Horas de traballo persoal: 132*

MATERIAS:

- TRABALLO FIN DE MÁSTER

PLAN DE ESTUDOS DO MÁSTER
materias por semestres

PRIMEIRO SEMESTRE

setembro 2020 a xaneiro 2021 - 30 ECTS

- INTROD. AO EXERCICIO PROF. E QUENDA DE OFICIO
- DEONTOLOXIA PROF. E REXIME DE RESPONSABILIDADE
- ESCRITURA E ORATORIA FORENSE
- PRÁCTICA XURÍDICA CIVIL I
- PRÁCTICA XURÍDICA MERCANTIL
- PRÁCTICA XURÍDICA LABORAL I
- PRÁCTICA XURÍDICA ADMINISTRATIVO I
- PRÁCTICA XURÍDICA PENAL I

SEGUNDO SEMESTRE

xaneiro a maio 2020 - 30 ECTS

- XESTIÓNS PROFESIONAIS E MASC
- PRÁCTICA XURÍDICA CIVIL II
- PRÁCTICA XURÍDICA LABORAL II
- PRÁCTICA XURÍDICA ADMINISTRATIVA II
- PRÁCTICA XURÍDICA PENAL II
- PRÁCTICA XUR. TRIBUTARIA, CONSTITUCIONAL E DA UE
- PRÁCTICAS EXTERNAS EN ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
- PRÁCTICAS EXTERNAS EN ÓRGANOS XURISDICIONAIS

TERCEIRO SEMESTRE

setembro 2021 a febreiro 2022 - 30 ECTS

- PRÁCTICAS EXTERNAS EN DESPACHOS DE AVOGADOS I
- PRÁCTICAS EXTERNAS EN DESPACHOS DE AVOGADOS II
- TRABALLO FIN DE MÁSTER

MASTER UNIVERSITARIO EN AVOGACÍA
(P3351V01) CALENDARIO DE CLASES
8ª edición (2019-2021) - 3º semestre - Curso 2020-2021

SETEMBRO 2021					
	Luns 06	Martes 07	Mércores 08	Xoves 09	Venres 10
9:00	Reunión coa Coordinación				
09:30 a 14:00	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I
16:30 a 20:00	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I
Tarde	**TFM LABORAL**	**TFM MERCANTIL**	**TFM ADMVO**	**TFM PENAL**	**TFM CIVIL**
	Luns 13	Martes 14	Mércores 15	Xoves 16	Venres 17
09:30 a 14:00	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I
16:30 a 20:00	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I
	Luns 20	Martes 21	Mércores 22	Xoves 23	Venres 24
09:30 a 14:00	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I
16:30 a 20:00	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I
	Luns 27	Martes 28	Mércores 29	Xoves 30	
09:30 a 14:00	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	
16:30 a 20:00	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	
Tarde	**TFM LABORAL**	**TFM MERCANTIL**	**TFM ADMVO**	**TFM PENAL**	

OUTUBRO 2021					
					Venres 01
09:30 a 14:00					PPEE DESP AVOG I
16:30 a 20:00					PPEE DESP AVOG I
Tarde					**TFM CIVIL**
	Luns 04	Martes 05	Mércores 06	Xoves 07	Venres 08
09:30 a 14:00	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I
16:30 a 20:00	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I
	Luns 11		Mércores 13	Xoves 14	Venres 15
09:30 a 14:00	PPEE DESP AVOG I		PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I
16:30 a 20:00	PPEE DESP AVOG I		PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I
	Luns 18	Martes 19	Mércores 20	Xoves 21	Venres 22
09:30 a 14:00	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I
16:30 a 20:00	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I
Tarde	**TFM LABORAL**	**TFM MERCANTIL**	**TFM ADMVO**	**TFM PENAL**	**TFM CIVIL**
	Luns 25	Martes 26	Mércores 27	Xoves 28	Venres 29
09:30 a 14:00	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I
16:30 a 20:00	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I

NOVEMBRO 2021					
		Martes 02	Mércores 03	Xoves 04	Venres 05
09:30 a 14:00		PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I
16:30 a 20:00		PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I	PPEE DESP AVOG I
	Luns 08	Martes 09	Mércores 10	Xoves 11	Venres 12
09:30 a 14:00	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II
16:30 a 20:00	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II
Tarde	**TFM LABORAL**	**TFM MERCANTIL**	**TFM ADMVO**	**TFM PENAL**	**TFM CIVIL**
	Luns 15	Martes 16	Mércores 17	Xoves 18	Venres 19
09:30 a 14:00	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II
16:30 a 20:00	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II
	Luns 22	Martes 23	Mércores 24	Xoves 25	Venres 26
09:30 a 14:00	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II
16:30 a 20:00	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II
	Luns 29	Martes 30			
09:30 a 14:00	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II			
16:30 a 20:00	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II			
Tarde	**TFM LABORAL**	**TFM MERCANTIL**			

DECEMBRO 2021					
			Mércores 01	Xoves 02	Venres 03
09:30 a 14:00			PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II
16:45 a 20:00			PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II
Tarde			**TFM ADMVO**	**TFM PENAL**	**TFM CIVIL**
		Martes 07		Xoves 09	Venres 10
09:30 a 14:00		PPEE DESP AVOG II		PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II
16:45 a 20:00		PPEE DESP AVOG II		PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II
	Luns 13	Martes 14	Mércores 15	Xoves 16	Venres 17
09:30 a 14:00	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II
16:45 a 20:00	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II
Tarde	**TFM LABORAL**	**TFM MERCANTIL**	**TFM ADMVO**	**TFM PENAL**	**TFM CIVIL**
	Luns 20	Martes 21	Mércores 22		
09:30 a 14:00	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II		
16:45 a 20:00	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II		

XANEIRO 2022					
	Luns 10	Martes 11	Mércores 12	Xoves 13	Venres 14
09:30 a 14:00	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II
16:45 a 20:00	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II
Tarde	**TFM LABORAL** **Entrega Alumnos**	**TFM MERCANTIL** **Entrega Alumnos**	**TFM ADMVO** **Entrega Alumnos**	**TFM PENAL** **Entrega Alumnos**	**TFM CIVIL** **Entrega Alumnos**
	Luns 17	Martes 18	Mércores 19	Xoves 20	Venres 21
09:30 a 14:00	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II
16:45 a 20:00	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II
Tarde	**TFM LABORAL** Entrega INFORMES EEdeT	**TFM MERCANTIL** Entrega INFORMES EEdeT	**TFM ADMVO** Entrega INFORMES EEdeT	**TFM PENAL** Entrega INFORMES EEdeT	**TFM CIVIL** Entrega INFORMES EEdeT
	Luns 24	Martes 25	Mércores 26	Xoves 27	Venres 28
09:30 a 14:00	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II
16:45 a 20:00	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II	PPEE DESP AVOG II
Tarde	EntregaDOCUMENTACIÓN aos Tribunais	Entrega DOCUMENTACIÓN aos Tribunais	Entrega DOCUMENTACIÓN aos Tribunais	Entrega DOCUMENTACIÓN aos Tribunais	Entrega DOCUMENTACIÓN aos Tribunais

FEBREIRO 2022				
		Mércores 09	Xoves 10	Venres 11
Tarde		**Defensa TFM**	**Defensa TFM**	**Defensa TFM**

XUÑO 2022				
	Luns 06		Xoves 23	Venres 24
Tarde	**Entrega TFM**		**Defensa TFM**	**Defensa TFM**

SETEMBRO 2022				
	Luns 05		Xoves 15	Venres 16
Tarde	**Entrega TFM**		**Defensa TFM**	**Defensa TFM**

NORMATIVA DA MATERIA TRABALLO FIN DE MÁSTER

I. INTRODUCCIÓN

O TFM forma parte do plan de estudos da titulación de MUA cunha carga lectiva de 6 créditos e integra o cuarto módulo do referido plan de estudos.

II. OBXECTIVOS DA MATERIA

Conforme á Memoria verificada da titulación o obxectivo da materia Traballo Fin de Máster é dobre: por un lado, ser unha ferramenta para comprobar que o alumno/a asimilou os coñecementos, competencias, técnicas, habilidades e destrezas necesarias para o exercicio profesional que tratan de proporcionar as restantes materias que configuran o plan de estudos, incidindo especialmente nas competencias específicas; e, por outra parte, acreditar a capacidade de investigación, interdisciplinariedade e solución de problemas profesionais, así como a habilidade na tramitación de actuacións procesuais escritas e orais.

Máis concretamente, preténdese conseguir:

a) Asimilación dos contidos teóricos e prácticos necesarios para a realización do traballo.
b) Capacidade de análise de textos xurídicos sobre as materias en cuestión, para a súa correcta interpretación e aplicación.
c) Afondamento nos problemas xurídicos que poida presentar a temática do traballo.
d) Ser capaz de razoar e achegar solucións ou propostas aos problemas que formula a temática elixida.
e) Ser capaz de plasmar a adquisición e manexo de todas as competencias xerais do máster e das específicas das materias relacionadas coa temática do traballo.
f) Demostrar un dominio das competencias e habilidades para o exercicio da profesión de avogado/a, con suxeición ás normas deontolóxicas.
g) Capacidade de comprensión.
h) Dominio das técnicas xurídicas e investigadoras.
i) Capacidade para elaborar un traballo profesional e de investigación.
j) Oratoria para defender ante un tribunal un traballo profesional e de investigación.

O TFM supoñerá tamén un importante elemento de preparación para as probas de acreditación da capacitación profesional establecidas pola Lei 34/2006 e o RD 775/2011. Este sistema de avaliación pretende acreditar a capacitación profesional do/a alumno/a que cursou e superou o máster, abrindo as portas á colexiación e ao exercicio da profesión de avogado/a.

III. CONTIDOS

O TFM implica a elaboración individual, por cada estudante, dun traballo orixinal de contido mixto, académico e profesional, sobre a base dun caso práctico cuxa problemática principal se incardinará nas materias que son propias dunha das catro ordes xurisdicionais. Os casos e as temáticas que se oferten estarán directamente relacionados cos contidos propios das materias mais vinculadas coa orde xurisdicional de que se trate, aínda que terán tamén implicacións propias de materias pertencentes a algunhas das demais ordes xurisdicionais (terán, por tanto, certo carácter interdisciplinar).

O Traballo servirá para que o alumno/a demostre:

◊ As competencias, habilidades e actitudes adquiridas durante a titulación. Incluirá, como mínimo, tarefas de busca e análise de material normativo, xurisprudencial e doutrinal; lectura e integración da información; elaboración de información relevante; aplicación de coñecementos a situacións reais; redacción de documentos profesionais e de informes xurídicos;, e presentación e defensa pública do caso asignado e das cuestións que lle foron indicadas polo equipo de titoría. Todo iso dende unha perspectiva tanto substantiva coma procesual.

◊ O manexo das normas deontolóxicas e estatutarias propias da profesión de avogado/a, nos ámbitos do asesoramento e consello xurídico, dirección técnica e defensa dos dereitos das partes en actuacións procesuais e pre-procesuais, así como dos modos de actuación profesional característicos da avogacía.

A relación das especialidades xurídicas, prazas por especialidades e equipos de titoría ofertarase pola coordinación do máster a finais do segundo semestre ou comezo do terceiro cuadrimestre, en función das dispoñibilidades do profesorado universitario e externo, e previa aprobación pola comisión académica. En función das prazas ofertadas para cada orde xurisdicional e das preferencias manifestadas polo alumnado, a coordinación asignará a cada alumno/a a correspondente orde xurisdicional e equipo de titoría, que o guiará no desenvolvemento do traballo. Os casos prácticos, as cuestións xurídicas a analizar e os informes e actuacións profesionais a preparar e realizar polos alumnado serán propostos por cada equipo de titoría, dentro das directrices establecidas pola comisión académica.

O TFM constará dunha parte escrita e de dunha parte oral.

- A parte escrita consistirá na elaboración dun "informe ou ditame xurídico" e a resolución de "dúas cuestións xurídicas prácticas", así como na redacción dos "documentos profesionais" necesarios en función do tipo de proceso a tramitar. Pode tamén incluír anexos documentais.

  Deberá presentarse seguindo o modelo que facilitará a coordinación, en tamaño DIN A4, marxes de 3 (esquerdo), 2 (dereito), 3 (superior), 2 (inferior), tipo de letra Times New Roman ou similar 12 (para o texto) [tamaño 10 (para as notas ao pé de páxina, no caso de ser necesarias] e entreliñado dun espazo.

  Para o informe/ditame xurídico deberá seguirse un dos modelos seguintes, con preferencia do primeiro sobre o segundo, e salvo indicación diferente do equipo de titoría:

  1º Modelo: a) Portada, b) Encabezamento, c) I. Obxecto do ditame, II. Antecedentes de feito, III. Cuestións expostas, IV. Normativa aplicable, doutrina e xurisprudencia, V. Fundamentos xurídicos. VI Cuestións adicionais (pode non figurar), VII Conclusións; d) Lugar, data e firma, d) Bibliografía, e) Anexos.

2º Modelo: a) Título, b) Palabras chave, c) Resumo, d) Índice completo, e) Introdución, f) Desenvolvemento debidamente epigrafiado, g) Conclusións, h) Relación de bibliografía e dos demais materiais e fontes documentais empregadas na súa elaboración.
A extensión do informe/ditame deberá oscilar entre as 15 e as 20 páxinas, excluídas a portada, o índice, o resumo, o encabezamento, a bibliografía e os anexos.
Pola súa banda, cada cuestión xurídica práctica a resolver deberá ter unha extensión aproximada de dúas páxinas de contido efectivo.
Cando se trate de documentos profesionais o contido axustarase ao establecido nas leis e ao que é habitual na profesión e no foro, sempre dentro das indicacións cursadas polo equipo de titoría e as orientacións proporcionadas nas diferentes materias do Máster (particularmente, "Escritura e Oratoria forense" e as demais relacionadas ca orde xurisdicional de que se trate).

- A parte oral consistirá na exposición e defensa do informe/ditame e das cuestións xurídicas prácticas que o equipo de titoría encomendara analizar ao/á alumno/a, así como na celebración simulada das sesións orais dun xuízo correspondente á orde xurisdicional asignada ao/á alumno/a.

A redacción do TFM, así como a súa presentación e defensa, pódese efectuar en calquera dos idiomas que se utilizaron na impartición do máster, conforme ao disposto na memoria de verificación do título, sempre que se poidan establecer tribunais de avaliación competentes nas devanditas linguas. En todo caso, garantirase o dereito a elaborar e defender os traballos en calquera dos dous idiomas oficiais da Comunidade autónoma.

IV. COMISIÓN ACADÉMICA E COORDINACIÓN DO MÁSTER

Corresponde á comisión académica do máster:

- Propoñer anualmente a guía docente na que se determinen as diferentes formas de desenvolvemento, exposición e criterios de avaliación dos Traballos de Fin de Máster para o curso académico de que se trate.
- Establecer a convocatoria anual dos Traballos de Fin de Máster.
- Determinar os equipos e sistemas de titoría.
- Procurar o equilibrio entre ordes xurisdicionais en canto á titorización de Traballos de Fin de Máster e a composición plural e interdisciplinar dos tribunais de avaliación.
- Aprobar a proposta de casos prácticos e a súa asignación.
- Autorizar a presentación de Traballos de Fin de Máster en casos excepcionais.
- Establecer as datas de presentación de Traballos de Fin de Máster dentro do período determinado polo calendario académico e a convocatoria anual dos Traballos de Fin de Máster.
- Resolver calquera incidencia relativa a os Traballos de Fin de Máster que non sexa competencia da coordinación do máster.

Corresponde á coordinación (académica e profesional) do máster:

- Distribuír os alumnos/as entre os tribunais de avaliación de acordo coa temática dos Traballos de Fin de Máster, procurando o equilibrio entre o número de Traballos asignado a cada tribunal.
- Decidir sobre a modificación de caso práctico ou de equipo de titoría asignado.
- Elaborar formularios que faciliten a presentación e xestión dos Traballos de Fin de Máster.
- Fixar a data e hora de constitución de cada tribunal de avaliación de acordo coas datas establecidas pola comisión académica.
- En xeral, promover unha xestión eficaz da asignación, elaboración, titorización e presentación dos Traballos de Fin de Máster e exercer cantas funcións encoméndelle a comisión académica.

V. BIBLIOGRAFÍA BÁSICA E COMPLEMENTARIA

Os equipos de titoría comunicarán ao alumnado nas diferentes sesións presenciais de titoría programadas na aula, a medida que resulte necesario e con suficiente antelación, os materiais bibliográficos (doutrina, xurisprudencia e textos legais) que deban conseguir e utilizar os alumnos/as para un mellor aproveitamento das ensinanzas e a correcta elaboración do TFM.

Bases de datos: Os estudantes poden acceder á xurisprudencia e a outros recursos a través das bases de datos máis habituais que lles son proporcionadas polos servizos de biblioteca da USC e do ICA Santiago. Entre elas, son de uso frecuente Westlaw-Aranzadi, Tirant on Line, A Lei Dixital, El Derecho, etc.

VI. COMPETENCIAS

Competencias básicas (CB)

CB6. Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.

CB7. Saber aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco definidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.

CB8. Capacidade de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación do seus coñecementos e xuízos.

CB9. Saber comunicar conclusións - e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan- a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.

CB10. Posuír as habilidades de aprendizaxe que permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en boa medida autodirixido ou autónomo.

Competencias xerais (CG)

CG1. Capacidade de traballo en equipo e de relación interpersoal nun contexto profesional.

CG2. Capacidade de iniciativa, creatividade, liderado, adaptación a novas situacións e espírito de superación.

CG3. Motivación pola calidade e a excelencia profesional.

CG4. Capacidade de organización e planificación.
CG5. Compromiso ético e deontolóxico analizado, ademais, dende unha perspectiva solidaria.
CG6. Capacidade de obtención e xestión da información.
CG7. Capacidade de comprensión, análise e síntese.
CG8. Capacidade de resolución de problemas.
CG9. Desenvolvemento dos principios de lealdade e confidencialidade.
CG10. Capacidade de argumentar tanto de forma oral como escrita, cunha linguaxe fluída e técnica, utilizando termos xurídicos, precisos, claros e comprensibles.
CG11. Desenvolvemento dun espírito crítico, lóxico e creativo.
CG12. Capacidade de manexo das tecnoloxías da información e comunicación no desenvolvemento da súa actividade laboral.

Competencias transversais (CT)

CT1. Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma.
CT2. Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida.
CT3. Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, comprometida co respecto dos dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, así como cos valores dunha cultura de paz, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseada no coñecemento e orientadas ao ben común.
CT4. Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
CT5. Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
CT6. Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
CT7. Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Competencias específicas (CE)

CE1. Posuír, comprender e desenvolver habilidades que posibiliten aplicar os coñecementos académicos especializados adquiridos no grao á realidade cambiante á que se enfrontan os avogados para evitar situacións de lesión, risco ou conflito en relación aos intereses encomendados ou ao seu exercicio profesional ante tribunais ou autoridades públicas e nas funcións de asesoramento.
CE2. Coñecer as técnicas dirixidas á indagación e establecemento dos feitos nos distintos tipos de procedemento, especialmente a produción de documentos, os interrogatorios e as probas periciais.
CE3. Coñecer e ser capaz de integrar a defensa dos dereitos dos clientes no marco dos sistemas de tutela xurisdicionais nacionais e internacionais.
CE4. Coñecer as diferentes técnicas de composición de intereses e saber atopar solucións a problemas mediante métodos alternativos á vía xurisdicional.
CE5. Coñecer e saber aplicar os dereitos e deberes deontolóxicos profesionais nas relacións do avogado co cliente, as outras partes, o tribunal ou autoridade pública e entre avogados.
CE6. Coñecer e avaliar as distintas responsabilidades vinculadas ao exercicio da actividade profesional, incluíndo o funcionamento básico da asistencia xurídica gratuíta e preservar a independencia de criterio.
CE7. Saber identificar os conflitos de intereses e coñecer as técnicas para a súa resolución, establecer o alcance do segredo profesional e da confidencialidade, e preservar a independencia de criterio.
CE8. Saber identificar os requirimentos de prestación e organización determinantes para o asesoramento xurídico.
CE9. Coñecer e saber aplicar na práctica o ámbito organizativo, de xestión e comercial da profesión de avogado, así como o seu marco xurídico asociativo, fiscal, laboral e de protección de datos de carácter persoal.
CE10. Desenvolver destrezas e habilidades para a elección da estratexia correcta para a defensa dos dereitos dos clientes tendo en conta as esixencias dos distintos ámbitos da práctica profesional.
CE11. Desenvolver destrezas que permitan ao avogado mellorar a eficiencia do seu traballo e potenciar o funcionamento global do equipo ou institución no que o desenvolve mediante o acceso a fontes de información, o coñecemento de idiomas, a xestión do coñecemento e o manexo de técnicas e ferramentas aplicadas.
CE12. Coñecer, saber organizar e planificar os recursos individuais e colectivos dispoñibles para o exercicio nas súas distintas modalidades organizativas da profesión de avogado.
CE13. Saber expoñer de forma oral e escrita feitos, e extraer argumentalmente consecuencias xurídicas, en atención ao contexto e ao destinatario ao que vaian dirixidas, de acordo no seu caso coas modalidades propias de cada ámbito procedemental.
CE14. Saber desenvolver traballos profesionais en equipos específicos e interdisciplinares.
CE15. Saber desenvolver habilidades e destrezas interpersoais, que faciliten o exercicio da profesión de avogado nas súas relacións cos cidadáns, con outros profesionais e coas institucións.

VII. METODOLOXÍA DA ENSINANZA

O TFM é elaborado de xeito individual por cada un dos alumnos/as matriculados en forma e prazo.

Con tal finalidade, seguirase o método do caso e de solución de problemas. Polo tanto, a análise de fontes documentais propias dos casos que se asignen, a aprendizaxe colaboradora, a discusión dirixida, o método do caso, os talleres dirixidos á presentación de simulacións, debates e solución de problemas, etc., formarán parte da metodoloxía habitual empregada na elaboración deste tipo de traballos. Así mesmo, o alumno/a deberá levar a cabo as lecturas de fontes normativas, xurisprudenciais e doutrinais, informes, ditames e calquera outra documentación que o equipo de titoría considere pertinente para o afondamento nos coñecementos necesarios para levar a cabo a realización do Traballo.

A titularidade dos dereitos de propiedade intelectual corresponde ao autor/a do Traballo Fin de Máster. Pode ser compartida co titor/a

académico/a de conformidade coa normativa vixente sobre a materia.

Ao principio do terceiro semestre ou finais do segundo, a coordinación abrirá un prazo para que os alumnos manifesten por escrito a orde xurisdicional pola que optan para a realización do Traballo, dentro das prazas ofertadas pola comisión académica. En función das preferencias manifestadas, a coordinación asignará a cada alumno/a a correspondente especialidade e equipo de titoría. De superar as preferencias dos alumnos/as o número de prazas programadas para cada orde xurisdicional ou especialidade, realizarase unha selección en función do expediente académico do alumno/a na titulación do máster en avogacía. No caso de empate realizarase un sorteo para determinar a orde de selección.

Son **obrigas específicas do estudantado** en relación co TFM:

a) Informar periódicamente ao equipo de titoría da evolución do TFM.
b) Asistir ás titorías programadas pola coordinación académica e o equipo de titoría.
De ordinario, as titorías programaranse para ser realizadas na aula, por sesións cunha periodicidade aproximada de cada dúas ou tres semanas, de forma que durante o semestre oscilen entre un mínimo de cinco e un máximo de sete titorías.
